

## DECRETO

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Ilmo Tenente da Alcaldesa da área de Transición Ecolóxica en suplencia do Tenente da Alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.

Instruído o expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE TAQUILLAS, BANCOS E ESTANTERIAS (LOTE 1) ASÍ COMO MOBILIARIO DE OFICINA DA POLICÍA LOCAL DE LUGO (LOTE 2). APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. Exp ref: 2024-C004-000016.** -----

Examinado o expediente e vistos:

I.- Informe-proposta do Servizo de Contratación de data 11 de setembro de 2024, co seguinte teor literal na parte expositiva:

### “ANTECEDENTES

“1.- Prego de prescricións técnicas para a contratación de referencia asinado o 6 de setembro de 2024 polo Inspector - xefe en funcións- da Policía Local, maila Excm. Sra. Alcaldesa.

2.- Informe de necesidade asinado o 6 de setembro de 2024 polo Inspector - xefe en funcións- da Policía Local.

3.- Informe da repercusión do contrato na estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira asinado o 8 de xullo de 2024 polo Intendente xefe da Policía Local maila a Excm. Sra. Alcaldesa.

4.- Mandamentos contables da Tesourería Municipal do 26 de xuño de 2024 da existencia de crédito na aplicación orzamentaria 13200.62500, CP 24XX00001 Investimentos Policía Local:

RC 42408 por importe de 42.350 € (lote 1)

RC 42409 por importe de 16.940 € (lote 2)

5.- Prego de cláusulas administrativas asinado pola técnica do servizo de Contratación o 10 de setembro de 2024.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/cbg

Refª: subministración taquillas, bcos e estanterías (lot 1) e mobil oficina (lot 2) policía local. Exp

ref: 2024/C004/000022

Asunto: decreto licitación

- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro; o Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, e o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europea e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais, así como toda a normativa e lexislación, relativos á protección de datos, que estea vixente ou entre en vigor durante a execución do contrato.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Este contrato debe ser cualificado como un contrato de **subministración** recollido e regulado nos artigos 16 e 298 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que ten por obxecto a subministración (adquisición) mediante lotes de taquillas, bancos e estanterías (LOTE 1) e mobiliario de oficina: mesas, cadeiras e armarios (LOTE 2) para as oficinas da Policía Local, conforme as características que se especifican no prego de condicións técnicas asinado o 6 de setembro de 2024 polo Inspector - xefe en funcións- da Policía Local maila a Excm. Sra. Alcaldesa.

Este contrato se divide nos seguintes lotes, podendo presentarse os licitadores a un só lote ou a ambos:

**LOTE 1.- TAQUILLAS , BANCOS E ESTANTERÍAS.**

LOTE 2.- MOBILIARIO OFICINA: MESAS, CADEIRAS E ARMARIOS.

**Segunda.-** O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto simplificado**, consonte aos artigos 131 e 156 e seguintes do TRLCSP. Así mesmo, e tendo en conta o valor estimado do contrato – inferior a 60.000 euros – procede a aplicación das especialidades sinaladas no artigo 159.6 da LCSP, sen esixir solvencia nin garantía definitiva.

Os criterios de adxudicación recollidos no prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP, e **son na súa totalidade** avaliados automaticamente.

O prego de cláusulas administrativas elaborado polo servizo de Contratación, e que se inclúe nesta proposta para disciplinar a licitación e o contrato, recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público e no RXLCAP, agás os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida. Sendo as súas características principais:

**PRAZO DE DURACIÓN.-**

**DOUS MESES** dende a formalización do contrato.

**ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.-**

De conformidade co artigo 100 da LCSP o **orzamento base de licitación** para cada lote ascende a:

**Lote 1.- 35.000 euros + 7.350 IVE = 42.350 euros, IVE incluído.**

**Lote 2.- 14.000 euros + 2.940 IVE = 16.940 euros, IVE incluído.**

**Nas ofertas para cada lote indicárase o prezo unitario de cada elemento.**

A redución dos prezos unitarios que suporía, en principio, unha minoración do orzamento total permitirá - se fose así conveniente - a adquisición, no momento da adxudicación do contrato, dun maior número de unidades de mobiliario **ata completar o dito orzamento total (42.350 euros LOTE 1 e 16.940 euros LOTE 2)** e conforme os prezos unitarios indicados na oferta.

O **valor estimado do contrato** conforme ao artigo 101 da LCSP ascende a **49.000 euros**.

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-**

**LOTE 1.- TAQUILLAS , BANCOS E ESTANTERÍAS.**

**- MENOR PREZO OFERTADO: MÁXIMO 80 PUNTOS.**

Á oferta máis baixa asignaráselle 80 puntos, as que oferten 35.000 euros obterán 0 puntos, e ao resto de ofertas asignaráselle os puntos de forma proporcional.

**Na oferta indicárase o prezo unitario de cada elemento ofertado.**

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/cbg

Refª: subministración taquillas, bcos e estanterías (lot 1) e mobil oficina (lot 2) policía local. Exp

ref: 2024/C004/000022

Asunto: decreto licitación

A redución dos prezos unitarios permitirá - se fose así conveniente - a adquisición dun maior número de unidades de mobiliario ata completar o dito orzamento total (42.350 euros LOTE 1) e conforme os prezos unitarios indicados na oferta.

### **- TAMAÑO (ALTURA) DAS TAQUILLAS: MÁXIMO 20 PUNTOS.**

O prego técnico establece que as taquillas deben ter unha altura de 190 cm por estimarse suficiente para atender as necesidades policiais, sen prexuízo de avaliarse o incremento da mesma ata un máximo de 220 cm, para obter un mellor servizo.

Así, terase en conta a altura das taquillas por encima dos 190 cm esixibles de conformidade co seguinte detalle:

Altura da taquilla > 190 cm ≤ 200 cm.- 10 puntos.

Altura da taquilla > 200 cm ≤ 220 cm.- 20 puntos.

### **LOTE 2.- MOBILIARIO OFICINA: MESAS, CADEIRAS E ARMARIOS.**

#### **- MENOR PREZO OFERTADO: MÁXIMO 80 PUNTOS.**

Á oferta máis baixa asignaráselle 80 puntos, as que oferten 14.000 euros obterán 0 puntos, e ao resto de ofertas asignaráselle os puntos de forma proporcional.

#### **Na oferta indícase o prezo unitario de cada elemento ofertado.**

A redución dos prezos unitarios que supoñería unha minoración do orzamento total permitirá - se fose así conveniente - a adquisición dun maior número de unidades de mobiliario ata completar o dito orzamento total (16.940 euros LOTE 2) e conforme os prezos unitarios indicados na oferta.

#### **- COIDADO E RESPETO AMBIENTAL (RESPETO A OS PRODUTOS NOS QUE SE UTILICE A MELAMINA).- MÁXIMO 20 PUNTOS conforme o seguinte detalle:**

- Etiqueta "FSC", garantía de procedencia sostible dos produtos e de que o material empregado provén de fontes responsables.- **10 puntos.**

- Certificado de produzo libre de formaldehído.- **10 puntos.**

#### **RESPONSABLE DO CONTRATO.-**

É responsable deste contrato o xefe da Policía Local, que terá as facultades sinaladas no artigo 62 da LCSP.

A unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será a correspondente aos códigos FACE indicados na cláusula deste prego relativa ao PAGAMENTO -DECIMO SEXTA-

#### **PAGAMENTO.-**

O pagamento efectuarase contra factura unha vez realizada a entrega para cada lote de conformidade e efectuados os controlos regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato e mailo o concelleiro delegado da área á que corresponda a unidade xestora

No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta, para a comprobación do cumprimento de obrigas contractuais esenciais, esta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder

Os códigos asignados ao Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Concello de Lugo.

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/cbg

Refª: subministración taquillas, bcos e estanterías (lot 1) e mobil oficina (lot 2) policía local. Exp

ref: 2024/C004/000022

Asunto: decreto licitación

Órgano Xestor: LA0005478 Alcaldía.  
Unidade Tramitadora: LA0005493 Policía Local.

En todo caso, deberá incluírse na factura electrónica a identificación do número de expediente de contratación: Exp. Ref.: 2024-C004-000022.

**Terceira.-** En canto ao órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da LCSP, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Porén, por acordo número 40/607 da Xunta de Goberno Local, do 26 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes, coas precisións que seguen:

*"PRIMEIRO. f) Aprobación de proxectos de obra; a aprobación do expediente de contratación, incluídos os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como a autorización do gasto e a apertura do procedemento de adxudicación e a cualificación de urxencia na tramitación do expediente agás nos casos de que a tramitación do contrato correspondente se realice por procedemento aberto simplificado abreviado coas especialidades do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que se delega no/a Tenente/a de Alcalde Delegado/a da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos.*

*Reservase igualmente a adxudicación daqueles contratos que superen os límites establecidos no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público agás nos anteditos procedementos abreviados nos que, a adxudicación e adopción de actos de resolución definitiva dos expedientes de contratación, se delega nos/as concelleiros/as delegados/as de área ou específicas ás que estean adscritas as unidades xestoras proponentes do contrato.(./...)"*

**II.-** Informe favorable de Asesoría Xurídica con data 16-09-2024

**III.-** Informe de fiscalización favorable co número ref: 2024/1310, de data 16 de setembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, o Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente da Alcaldesa da área de Transición Ecolóxica en suplencia do Tenente da Alcaldesa da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE TAQUILLAS, BANCOS E ESTANTERIAS (LOTE 1) ASÍ COMO DE MOBILIARIO DE OFICINA DA POLICÍA LOCAL DE LUGO (LOTE 2).

**SEGUNDO.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas asinado o 6 de setembro de 2024 polo Inspector - xefe en funcións- da Policía Local maila a Excm. Sra. Alcaldesa , así como o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica do servizo de Contratación o 10 de setembro de 2024, e que se recollen en documentos aparte.

## CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ATM/cbg

Refª: subministración taquillas, bcos e estanterías (lot 1) e mobil oficina (lot 2) policía local. Exp

ref: 2024/C004/000022

Asunto: decreto licitación

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de 42.350 euros (LOTE 1) RC 42408, e 16.940 euros (LOTE 2) RC 42409 con cargo á aplicación orzamentaria 13200.62500, CP 24XX00001 Investimentos Policía Local.

**CUARTO.-** Aprobar a adxudicación por procedemento **aberto simplificado abreviado** previsto e regulado polo artigo 159 LCSP, coas especialidades establecidas no apartado 6.

**QUINTO.-** Publicar anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e demais documentos.

O que se lle comunica aos interesados, con indicación de que contra o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais documentos contractuais poderán interpoñer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

Cúmprase.